



FACULTADE DE FILOLOXÍA

---

Boletín 29

22-26 abril de 2024

---

# Actividades culturais

TÍTULO: X Edición do Concurso Literario Mazarelos

DESTINATARIOS/AS: alumnado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado en calquera titulación da USC, ou ben investigadoras/es que estean contratados na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, em calquera momento do ano 2024 anterior á finalización do prazo de presentación

ORGANIZACIÓN: CNL da Facultade de Filoloxía

DATA/S: 15 de abril-30 setembro de 2024 (entrega de orixinais)

CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos>

DESCRICIÓN:

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuír a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e ámate a participar!



## X Concurso literario Mazarelos (2024)

<b>1.º premio:</b> <b>600 €</b>	<b>Aberto a todo o estudantado da USC e a investigadoras/es contratadas/os</b>
<b>2.º premio:</b> <b>500 €</b>	
<b>3.º premio:</b> <b>400 €</b>	<b>Prazo de presentación ata 30 de setembro de 2024</b>

**Información e bases:**  
[www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos](http://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos)  
[www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica](http://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica)



---

# Actividades académicas

TÍTULO: Enquisas de opinión do alumnado

DESTINATARIOS/AS (opcional) Estudantado

ORGANIZACIÓN: Decanato/Centro de datos

DATA/S: dende o día 19 de abril ao 10 de maio de 2024 (ambos inclusive).

CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

DESCRICIÓN:

Realización de enquisas de opinión do alumnado sobre a docencia recibida no 2º semestre do curso 2023/2024, nas materias de titulacións de grao e mestrado.

---

---

# Actividades académicas

TÍTULO: Literatura e música

DESTINATARIOS/AS: comunidade universitaria

ORGANIZACIÓN: Prof. César Domínguez Prieto

DATA: Luns 22 de abril

LUGAR: Sala D08

HORARIO: 11–13hs

CONTACTO: cesar.dominguez@usc.gal

## DESCRICIÓN:

A sesión estará articulada en dous apartados. En primeiro lugar ofrecerase unha panorámica sobre o campo de investigación comparatista das relacións entre literatura e música. En segundo lugar, realizarase unha aplicación práctica a través dalgúns tangos examinados por Jorge Luis Borges nas súas célebres catro conferencias de 1965, reunidas en formato libro baixo o título de El tango. A actividade enmárcase no Seminario «Borges e Cortázar: profesores de literatura comparada» da asignatura G5041609 Literatura comparada.



# Semana da Facultade

TÍTULO: Actividades da Semana da Facultade

**22 de abril, 12.00 horas** Presentación de proxectos colaborativos: Cinefilo, Clube de Lectura, Revista Daffodils, Podcast Guapas, listas e medievalistas, Paisaxeando por Vite e Vista Alegre, Volume Convergencias, Textos premiados no IX Concurso Mazarelos (Entrada da Facultade)

**23 de abril, 12.00 horas** Exposición "Grandes escritoras da literatura catalá". Una literatura pròpia. Generalitat de Catalunya, Institut Català de les Dones. Ilustracions de Lourdes Pérez González (Primeiro e segundo andar da Facultade)

Exposición de obras de grandes escritoras da literatura catalá (Biblioteca da Facultade)

**23 de abril, 10.00-14.00 horas** *Dies librorum*: Micro aberto para a lectura de textos nos cambios de clase (Entrada da Facultade)

DESTINATARIOS/AS: Toda a comunidade da USC e público externo.

ORGANIZACIÓN: Decanato; equipos coordinadores dos proxectos

DATA/S: 22-23 de abril

CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

DESCRCIÓN:

Com motivo da Semana da Facultade terán lugar diferentes actividades ao longo da semana. Animádevos a participar!

Proxectos colaborativos da Facultade de Filoloxía

Esta mostra presenta os proxectos colaborativos que se desenvolveron durante o ano académico 2023-2024 na Facultade de Filoloxía co apoio do Decanato.

Catro deles son de tipo cultural e o quinto ten un carácter docente. *Cinefilo* e o *Clube de Lectura* percorreron xa o seu segundo ano, mentres que son de nova creación a *Revista Daffodils*, o podcast *Guapas, listas e medievalistas* e o proxecto *Paisaxeando por Vite e Vista Alegre*.

A estes cinco acrecentamos a última publicación do proxecto *Convergencias (Dixitalidade(s) e tecnoloxía(s) nos ámbitos literarios, culturais e lingüísticos)*, así como o libro *De pedra a azulexo. Obras premiadas no IX Concurso Literario Mazarelos 2023*.

Agradecemos o envolvimento de todas as persoas que colaboran nestes proxectos, así como a súa colaboración para a redacción dos textos que integran esta mostra.

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

## Grandes escritoras da literatura catalá



Una literatura pròpia

Generalitat de Catalunya, Institut Català de les Dones.

Ilustracions de Lourdes Pérez González

23 de abril - 23 de xuño  
1º e 2º andar, Facultade de Filoloxía, USC

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

IBL Biblioteca  
LLLL Institut Català de les Dones  
Generalitat de Catalunya Institut Català de les Dones

Grandes escritoras da literatura catalá

Finava l'octubre, i els crepuscles fent sempre més i més lloc a la nit  
Somiant, somiant, ma vida hauré passada  
L'escala fosca del desig no té barana  
Res li manca, res li manca de quant ella ha demanat; sols li falten a la mar; les trenes negres, brillants.  
He assassinat l'àngel de la llar. I no ha estat fàcil  
Les coses importants són les que no ho semblen  
El qui vertaderament ama no oblida mai  
Només el nom de les coses és innocent  
No em condemneu, sense llegir-me  
Per la nit plena de llum deixeu-me sola

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

Martes 23 abril  
Dies Librorum

- Actividades na entrada da facultade de filoloxía
- Recitals nas diferentes linguas impartidas na facultade en cada cambio de clase
- Micro aberto durante toda a mañá.  
Achégate a ler algo!

Pedro Torres - Filoloxía Clásica  
Jana Barreiro - Filoloxía Clásica  
Arturo Díaz - Filoloxía Clásica

# 50 anos do 25 de abril

TÍTULO: 50 anos do 25 de abril

DESTINATARIOS/AS: Toda a comunidade da Facultade e público externo.

ORGANIZACIÓN: Decanato e USC

DATA/S: 23 de abril-8 de maio

CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/novas/50-anos-25-abril>

DESCRICIÓN:

A USC conmemora os 50 anos da revolución do 25 de abril que deu inicio á democracia contemporánea en Portugal.

Cinco xornadas na Facultade de Filoloxía abordan as relacións entre a cultura e a historia de terras galegas e lusas hai medio século a través de testemuñas dos acontecementos

25 DE ABRIL



# Actividades académicas

TÍTULO: CineFilo. Primavera 2024

ORGANIZACIÓN: Decanato, Comisión de Actividades Culturais, Área de Filoloxía Catalá, Institut Ramon Llull

DATA/S: 30 de xaneiro – 7 de maio (próxima sesión 23 de abril)

LUGAR: Facultade de Filoloxía

HORARIO: 17.00-20.00h

ENDEREZO: [dolors.perarnau@usc.gal](mailto:dolors.perarnau@usc.gal)

LIGAZÓN: CineFilo.USC

## DESCRICIÓN:

O próximo 23 de abril CineFilo celebra a Diada de St. Jordi cun filme catalán: *Creatura*, a arriscada fita de Elena Martín sobre os tabús do sexo. Triunfadora na Quincena de realizadores do festival de Cannes como Mellor Filme Europeo, nominada a 4 Goyas e gañadora de 6 Premios Gaudí, entre eles, Mellor Filme e Mellor dirección, *Creatura* retrata o desexo feminino desde a infancia ata a madurez. A presentación e o coloquio contarán coa presenza de Alana Mejía, directora de fotografía, con quen teremos o privilexio de falar da elaboración do filme e do rostro feminino da nova onda do cinema catalán. Existe na actualidade unha Nova Escola de Barcelona, mais desta volta de mulleres?

CineFilo presenta  
**Creatura**  
Martes 23 de abril de 2024, 17:00 h  
Salón de Actos, Facultade de Filoloxía - USC  
Actividade aberta e de balde certificada con 1 crédito ECTS pola USC  
Coa participación da dir. de fotografía Alana Mejía González

Logos at the bottom: CineFilo, USC FACULTADE DE FILOLOXÍA, CAVALLERS, USC CENTRO DE LINGÜAS MODERNAS, institut ramon llull Llengua i cultura catalanes, USC SECRETARIES DE ESTUDIS DE LLINGÜA

# Actividades académicas

TÍTULO: Xornada Literatura de Emigración

DESTINATARIOS/AS: Alumnado e profesorado das diferentes titulacións da Facultade de Filoloxía, investigadores de Literarura, persoas interesadas na Literatura etc.

ORGANIZACIÓN: Cátedra Iberoamericana da USC

DATA/S: Mércores 24 de abril de 2024.

LUGAR: Salón de Graos da Facultade de Filoloxía (USC).

HORARIO: De 16.00 h a 19.30 h.

CONTACTO: [catedra.iberoamericana@usc.es](mailto:catedra.iberoamericana@usc.es) / [nuria.garcia.garcia@rai.usc.es](mailto:nuria.garcia.garcia@rai.usc.es)

LIGAZÓN :

X @catedraiberoam

DESCRICIÓN:

Xornada ao redor da Literatura de Emigración organizada pola Cátedra Iberoamericana da USC na que participarán diferentes especialistas do eido literario.

16.00 Benvida. María Cadaval, directora da Cátedra Iberoamericana

16.10 M. Carmen Villarino Pardo “Você restaurará a nossa memória, e a manterá viva”. Narrativas e ficção para perspectivar alguns fluxos migratórios de galegos/as no Brasil

16.40 Ana Chouciño Fernández Frontera de horror: La libertad, ciudad de paso

17.10 Ana Garrido González (Dis)identidades nas narracións da emigración galega das últimas décadas

17.40 María Alonso Alonso A nova diáspora galega contada por mulleres: unha achega dende a literatura

18.10 Mesa redonda coas conferenciantes da xornada moderada por Dolores Vilavedra Fernández As migracións na súa diversidade: unha ollada dende a(s) narrativa(s)

## XORNADA DE LITERATURA DE EMIGRACIÓN

Mércores 24 de abril de 2024

16:00 p.m. - 19:30 p.m.

Salón de Graos da Facultade de Filoloxía (USC)

### 16:00 Benvida

María Cadaval, directora da Cátedra Iberoamericana  
Nuria García, bolseira da Cátedra Iberoamericana

### Comunicacións

16:10 “Você restaurará a nossa memória, e a manterá viva”. Narrativas e ficção para perspectivar alguns fluxos migratórios de galegos/as no Brasil  
M. Carmen Villarino Prado, doutora e profesora da área de Filoloxías Galega e Portuguesa da USC

16:40 Frontera de horror: *La libertad, ciudad de paso*  
Ana G. Chouciño Fernández, doutora e profesora da área de Literatura Española da USC

17:10 (Dis)identidades nas narracións da emigración galega das últimas décadas  
Ana Garrido González, doutora e investigadora da Universidade de Varsovia

17:40 A nova diáspora galega contada por mulleres: unha achega dende a literatura  
María Alonso Alonso, doutora e profesora da área de Filoloxía Inglesa da USC

### Mesa redonda

18:10 As migracións na súa diversidade: unha ollada dende a(s) narrativa(s)  
Coa participación das conferenciantes da xornada.  
Moderada por Dolores Vilavedra Fernández, doutora e profesora da área de Filoloxías Galega e Portuguesa da USC

Organiza:



Colaboran:





# Actividades académicas

TÍTULO: Club de lectura en línea do libro “La memòria de l’arbre” coa súa autora Tina Vallès.

DESTINATARIOS/AS: Alumnos de Literatura e Lingua catalás da Facultade de Filoloxía e do Centro de Linguas Modernas da USC e persoas interesadas no tema.

ORGANIZACIÓN: Área de Filoloxía Catalá, Departamento de Filoloxía Galega, Institut Ramon Llull

DATA/S: 24 de abril de 2024

LUGAR: en línea

HORARIO: de 13 a 14.30 h

CONTACTO: [rosa.olle@usc.es](mailto:rosa.olle@usc.es)

DESCRIPCIÓN:

Análise do libro “La memoria de l’arbre” coa autora e o alumnado das diferentes universidades del Estado Español onde se cursan estudos de catalán.

**LLL** institut  
ramon llull

CATALAN CULTURE  
> Poetry

## LA MEMÒRIA DE L'ARBRE

COL·LOQUI LITERARI AMB L'ESCRITORA  
**TINA VALLÈS**



**24/4/2024 — 13.00 - 14.30 | En línia**

Universitats #XarxaLlull de l'Estat espanyol

---

# Actividades académicas

TÍTULO : Presentación volume

DESTINATARIOS/AS: Estudiantes e profesorado da Facultade

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega

DATA/S: 24/04/2024

LUGAR: Salón de Graos

HORARIO: 13:00-15:00

CONTACTO: [henrique.monteagudo@usc.gal](mailto:henrique.monteagudo@usc.gal)

DESCRICIÓN:

Presentación do volume A estandarización das linguas da Península Ibérica:

procesos, problemas e novos horizontes. Editado polo Consello da Cultura Galega coa colaboración do Instituto da Lingua Galega. INTERVIRÁN:

- Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega
  - Elisa Fernández Rei, directora do Instituto da Lingua Galega
  - Henrique Monteagudo, profesor da USC, editor do volume
  - Xoán Lagares, profesor da Universidade Federal Fluminense (Niteroi, RJ)
  - Eduardo Maragoto Sanches, profesor da EOI de Santiago, colaborador do volume
  - Xosé Luís Regueira Fernández, profesor da USC, colaborador do volume
- 



HENRIQUE MONTEAGUDO  
EDITOR

**A estandarización das linguas  
da Península Ibérica:  
procesos, problemas  
e novos horizontes**



---

# Actividades académicas

**TÍTULO:** Podcast sobre o Grao de Alemán da Facultade de Filoloxía elaborado polo Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

**DESTINATARIOS/AS:** profesorado e estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela, pero tamén público externo.

**ORGANIZACIÓN:** Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

**DATA/S:** Mes de abril

**LUGAR:** ONLINE

**CONTACTO:** [sebastian.windisch@usc.es](mailto:sebastian.windisch@usc.es)

**DESCRICIÓN:**

Podcast de varios capítulos sobre o grao de Linguas e Literaturas Modernas (Alemán), para informar sobre a estrutura do grao, os seus estudos, a lingua e cultura alemás... Co obxectivo de informar ao alumnado actual e ao posible futuro alumnado.

No podcast intervén alumnado e profesorado do grao de Alemán e do Departamento de Alemán da USC.



JETZT HÖREN



# Actividades académicas

TÍTULO: Stops and taps, lads and chavs: The social life of /t/ in the South of Englands

DESTINATARIOS/AS: Toda a comunidade universitária

ORGANIZACIÓN: Grupo de investigación Discurso e Identidade

DATA/S: 29 de abril de 2024

LUGAR: aula D07

HORARIO: 16:00h

CONTACTO: [mteresa.sanchez.roura@usc.es](mailto:mteresa.sanchez.roura@usc.es)

DESCRIPCIÓN:

Conferencia a cargo do profesor convidado Roy Alderton sobre a súa investigación.

lecture  
**Stops and taps,  
lads and chavs:  
The social life of /t/  
in the South of England**  
followed by a discussion forum  
for research students and teachers

Dr Roy Alderton  
(City, University of London)

29 April, 2024  
16:00h  
Room D07, Faculty of Philology

ə 'lɪʔ bɜ:d  
təʊld mi:

This activity is organised by the module "English Phonetics and Phonology", coordinated by Dr Teresa Sánchez Roura  
In collaboration with:  
Research group Discourse and Identity (ED431C 2023/15)  
Instituto de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela (IHUs)  
& City, University of London

# Actividades académicas

TÍTULO: The functions of intonation in English

DESTINATARIOS/AS: Estudiantado do grao en lingua e literatura inglesas

ORGANIZACIÓN: Grupo de investigación Discurso e Identidade

DATA/S: 29 e 30 de abril de 2024


LUGAR: aula C08 e C01

HORARIO: 12-1; 2-3; 11-3

CONTACTO: [mteresa.sanchez.roura@usc.es](mailto:mteresa.sanchez.roura@usc.es)

## DESCRICIÓN:

Conferencia e obradoiro sobre fonética inglesa a cargo do profesor convidado Roy Alderton.



Guest lecturer

**Dr Roy Alderton**  
(City, University of London)



### LECTURE:

The functions of intonation  
in English

29 April, 2024  
Room Co8

Group 1: 12-1pm  
Group 2: 2-3pm

### WORKSHOP:

English speech production  
and perception -  
an interactive workshop

30 April, 2024  
Room Co1

Group 1: 11-12pm  
Group 2: 12-1 pm  
Group 3: 1-2pm  
Group 4: 2-3pm

This activity is organised by the module "English Phonetics and Phonology", coordinated by Dr Teresa Sánchez Roura  
In collaboration with:  
Research group Discourse and Identity (ED431C 2023/15)  
Instituto de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela (IHUs)  
& City, University of London



---

# Actividades académicas

TÍTULO : Conferencia/Debate

Participación social, inclusión universitaria e éxito académico: Unha aproximación ao servizo de participación e inclusión universitaria da USC por Javier Agrafojo Fernández

DESTINATARIOS/AS: Estudiantado, PAS, PDI

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 30 de abril

LUGAR: Salón de Graos

HORARIO: 13h

ENDEREZO DE CONTACTO: [filoloxía.decanato@usc.gal](mailto:filoloxía.decanato@usc.gal)

DESCRICIÓN:

Charla con Javier Agrafojo Fernández, coordinador do SEPIU.

O Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) coordina a oferta de actividades de voluntariado, participación e inclusión universitaria coas que se favorece a formación integral do alumnado desde unha visión socialmente responsable e comprometida cos obxectivos do desenvolvemento sostible.

**Participación social, inclusión universitaria e éxito académico: Unha aproximación ao servizo de participación e inclusión universitaria da USC**

**por Javier Agrafojo Fernández,  
coordinador do SEPIU**

**30 de abril, 13h**

**Salón de Graos**

---

---

# Actividades académicas

TÍTULO : Prazo límite de entrega do formulario de delimitación de título e resumo para o curso 2023-2024

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 30 de abril de 2024 (data límite)

ENDEREZO DE CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

DESCRICIÓN:

Se non se entrega o formulario de delimitación de título e resumo para o curso 2023-2024 dentro do prazo sinalado (antes do 30 de abril), o estudantado terá que concorrer á solicitude de liña temática e titor/a no curso 2024-2025.

---

# Actividades académicas

TÍTULO : I Xeira CLARIAH-GAL

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 2 de maio de 2024

LUGAR: Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:00 – 19:45 h

CONTACTO: vitor.miguez@usc.gal

LIGAZÓN: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/I-xeira-clariah-gal>

DESCRICIÓN: CLARIAH-GAL é o nodo galego de CLARIAH-ES, infraestrutura dixital de investigación distribuída que forma parte, pola súa vez, das infraestruturas europeas de investigación CLARIN e DARIAH. O próximo 2 de maio terá lugar a súa primeira Xeira co obxectivo de presentar o nodo galego e difundir as iniciativas de Humanidades Dixitais e de Tecnoloxías Lingüísticas para a investigación en Humanidades e Ciencias Sociais emprendidas en Galicia.

Se queres presentar un póster do teu proxecto, liña de investigación, recurso ou grupo de investigación nesta xeira, convidámoste a enviar un resumo ata o 5 de abril de 2024 ao seguinte enderezo electrónico: [ilgsec@usc.gal](mailto:ilgsec@usc.gal).





---

# Actividades académicas

**TÍTULO:** Técnicas de traducción de cómics do alemán ao español. Seminario impartido pola profesora titular da Universidad de Valladolid Dra. Carmen Cuéllar Lázaro.

**DESTINATARIOS/AS:** Membros de toda a Facultade.

**ORGANIZACIÓN:** Rede de investigación LitLin: Enfoques transdisciplinares y herramientas digitales en el ámbito de las lenguas y las culturas europeas – alemán, español, francés, gallego e inglés.

**DATA/S:** 2-3 de maio de 2024.

**LUGAR:** Aula C02 (2 de maio) e Aula C09 (3 de maio).

**HORARIO:** 2 de maio: 12-14 horas; 3 de maio: 12-13 horas.

**CONTACTO:** c.mellado@usc.es.



**SEMINARIO** *Técnicas de traducción de cómics del alemán al español.*  
Impartido pola profesora titular da Universidad de Valladolid, a Dra. Carmen Cuéllar Lázaro.

2-3 de maio de 2024  
Facultade de Filoloxía da USC

Datas: 2 de maio de 12-14 horas, aula C02; 3 de maio de 12-13 horas, aula C09.

Organiza: LitLin: Enfoques transdisciplinares y herramientas digitales en el ámbito de las lenguas y las culturas europeas – alemán, español, francés, gallego e inglés.



# Actividades académicas

TÍTULO: II Congreso Internacional de Aplicacións da lingüística de corpus na didáctica das linguas

DESTINATARIOS/AS Toda a comunidade universitaria

ORGANIZACIÓN: Grupo Gramática do Español, en colaboración coa Université Sorbonne Nouvelle, co grupo SPERTUS e co ILGA

DATA/S: 13 e 14 de maio

LUGAR: Salón de Graos

HORARIO: Pendente

CONTACTO: maria.sampedro.mella@usc.es

LIGAZÓN: <https://gramatica.usc.es/es/events/59> - <https://ilg.usc.gal/es/actividades/II-congreso-internacional-aplicacions-linguistica-de-corpus-didactica-linguas>

## DESCRICIÓN

Tras o éxito da primeira edición na Université Sorbonne Nouvelle (París), queremos reunir de novo a lingüistas, profesores, estudantes e investigadores, co obxectivo de presentar os corpus como ferramentas para o ensino-aprendizaxe de linguas nativas e non nativas. O congreso contará con especialistas de distintas universidades españolas e europeas. Mostraranse corpus de diferentes linguas e tipoloxías (corpus xerais e de aprendentes, sincrónicos e diacrónicos, corpus paralelos, de tradución etc.), e presentaranse exemplos de posibles explotacións didácticas e propostas prácticas, xunto cos últimos avances nos estudos sobre lingüística de corpus aplicada ao ensino de linguas.

A asistencia é libre e gratuita; para obter un certificado, é preciso rexistrarse na web.



Facultade de Filoloxía (USC)

Salón de Graos

13 e 14  
de maio  
2024

Santiago de Compostela

II Congreso Internacional  
Aplicacións da lingüística  
de corpus na didáctica  
das linguas

Información    Inscripción

Logos: USC, Sorbonne Nouvelle, SPERTUS, ILGA, XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.

# Actividades culturais

TÍTULO : Poes/IA. Chamada de poemas sobre a Intelixencia Artificial

DESTINATARIOS/AS: Toda a comunidade universitaria e extra-universitaria

ORGANIZACIÓN: Proxecto de investigación PHIRGAL sobre “Interseccións posthumanas nas literaturas galega e irlandesa” (<http://irgal.es/>) e o Grupo de investigación “Discurso e Identidade” (<https://discursoeidentidade.com/>)

DATA/S: Chamada aberta entre o 1 de marzo e o 1 de xuño, 2024

LUGAR: N/A

HORARIO: N/A

CONTACTO: [manuela.palacios@usc.es](mailto:manuela.palacios@usc.es)

LIGAZÓN: <http://irgal.es>

DESCRICIÓN:

O proxecto PHIRGAL sobre “Interseccións posthumanas nas literaturas galega e irlandesa” e o Grupo “Discurso e Identidade” fan a seguinte chamada de poemas que exploren a relación entre poesía e intelixencia artificial.

Con esta chamada queremos indagar no potencial das novas textualidades, explorar as posibilidades creativas da IA, contribuír ao debate IA vs. autoría humana e promover a reflexión sobre os límites do humano no marco dos debates actuais sobre posthumanismo.

Actividade de transferencia do proxecto PHIRGAL e o Grupo “Discurso e Identidade” para tender pontes entre a investigación universitaria e o ámbito social e cultural no que está inserida.

# Informacións culturais

TÍTULO: Chamada de poemas para a revista Dorna

ORGANIZACIÓN: Consello de redacción da revista Dorna

DATA/S: ata o 30 de xuño

CONTACTO: revista.dorna@usc.gal

LIGAZÓN:

[https://nubeusc-my.sharepoint.com/:w:/g/personal/jorge\\_rodriguez\\_duran\\_usc\\_es/EVBj1hH-q7RMsaqF0xJFNDQB1t3FWOMdFN7kB1sGAtS1-Q?e=bmAQBy](https://nubeusc-my.sharepoint.com/:w:/g/personal/jorge_rodriguez_duran_usc_es/EVBj1hH-q7RMsaqF0xJFNDQB1t3FWOMdFN7kB1sGAtS1-Q?e=bmAQBy)

DESCRICIÓN:

Todas as persoas que queiran facernos chegar as súas composición tanto para a sección monográfica (de temática LGBTQ+ e/ou sexualidades non-normativas para este número), como para a sección miscelánea, que será de temática aberta, poden contactar coa revista antes do 30 de xuño de 2024, enviando o súa obra a revista.dorna@usc.gal nun arquivo .doc e nun PDF adxunto no que tamén apareza o seu nome e apelidos (especificar nome artístico que asinará o texto no caso de ser distinto), título e email de contacto as súas creacións para a consideración do Consello de Redacción. A extensión aproximada será de 1 a 3 páxinas. A comunicación de propostas aceptadas farase a finais do mes de xullo.

## CHAMADA de textos DORNA 46

### Que podes enviar?

un texto ou un conxunto de textos de expresión poética para:

#### Sección monográfica

arredor de temática LGBTQ+  
e/ou sexualidades non-normativas.

#### Sección miscelánea

de temática aberta

extensión de 1 a 3 páxinas

### Como podes enviar?

nun arquivo .doc e PDF cos teus datos

até o 30 de xuño de 2024

revista.dorna@usc.gal

Podes seguirmos nas redes e  
consultar as bases completas aquí



# Actividades académicas

TÍTULO: IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico (SIALNI4)

ORGANIZACIÓN: Comité organizador do SIALNI4

DATA/S: 3-4 de outubro de 2024

LUGAR: Facultade de Filoloxía (USC)


HORARIO: Pendente

CONTACTO: [ilg.sialni4@usc.gal](mailto:ilg.sialni4@usc.gal)

LIGAZÓN : <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/SIALNI4>

DESCRICIÓN:

O IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico (SIALNI4), que se celebrará os días 3 e 4 de outubro de 2024 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, quere seguir o espírito das tres anteriores edicións, que tiveron lugar nas Universidades de Xénova (2021), Oviedo (2022) e Salamanca (2023), e aspira a converterse nun lugar de encontro de referencia para os académicos que se dedican á investigación da realidade lingüística do noroeste ibérico.



The poster features a central image of a red compass with a white face and black markings, set against a light blue background. The compass needle points towards the top-left. The words "SIMPOSIO INTERNACIONAL" are written in a large, white, sans-serif font, curving around the top and sides of the compass. Below the compass, the text "Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico" is written in a bold, black, sans-serif font. At the bottom of the poster, the dates "3-4 de outubro de 2024" and the location "Facultade de Filoloxía (USC)" are displayed. The footer contains logos for the organizing institutions: USC (Universidade de Santiago de Compostela), IILGA (Instituto da Lingua Galega), Grupo FILGA (GI-1743), and the Galician government (Xunta de Galicia) and its departments for Culture, Education, and Universities.


IV SIMPOSIO INTERNACIONAL

Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico

3-4 de outubro de 2024  
Facultade de Filoloxía (USC)

Organización: USC INSTITUTO DA LINGUA GALEGA Grupo FILGA (GI-1743)

Financiamento: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Información  Inscripción

# Actividades académicas

TÍTULO : III Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 8 de novembro de 2024

LUGAR: Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:30 – 18:30

CONTACTO: [marta.negro@usc.gal](mailto:marta.negro@usc.gal)

LIGAZÓN : <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/III-xornada-variacion-cambio>

## DESCRICIÓN:

Esta xornada, organizada polo Instituto da Lingua Galega da USC e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, ten como obxectivo promover e difundir traballos do campo da variación e o cambio lingüístico. Serán aceptadas propostas que traten calquera aspecto relacionado con esta área de investigación, se ben serán moi benvidas aquelas que aborden algunha das seguintes liñas temáticas:

- Actitudes e ideoloxías sobre a variación e o cambio lingüístico
- Variación lingüística no ensino de linguas
- Variación e cambio lingüístico en situacións de contacto
- Propagación de procesos de variación e cambio lingüístico

Envío de resumos: antes do 30 de xuño

**III XORNADA SOBRE  
VARIACIÓN  
E CAMBIO  
LINGÜÍSTICO**

**08 NOVEMBRO  
FACULTADE DE FILOLOXÍA  
USC**

Inscripción  
Información

Organización: USC Instituto da Lingua Galega USC Universidade de Aveiro clc Centro de Línguas, Literaturas e Culturas

Financiamento: Xunta de Galicia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

# Actividades académicas

TÍTULO: XI Encontro da Mocidade Investigadora

DESTINATARIOS/AS: Estudantado matriculado nun programa de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña ou da Universidade de Vigo.

ORGANIZACIÓN: PDI e Estudantado dos Programas de Doutoramento da USC, a UDC e a UVigo.

DATA/S: 10 e 11 de xuño de 2024. Inscricións ata o 10 de maio.

LUGAR: Facultade de Psicoloxía da USC.

HORARIO: Por determinar.

CONTACTO: [xi.encontro.mocidade.investigadora@usc.gal](mailto:xi.encontro.mocidade.investigadora@usc.gal)

LIGAZÓN :

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/eventos/xi-encontro-mocidade-investigadora>

Instagram: [@xiemi\\_](https://www.instagram.com/xiemi_)

DESCRICIÓN:

O XI EMI está organizado por investigadores e investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, e está aberto a todo o estudantado de doutoramento destas universidades. O obxectivo deste encontro é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, a través de breves comunicación orais ou pósteres, polo que constitúe unha oportunidade única para amosar e discutir as investigación propias cos demais compañeiros e compañeiras preodoutorais. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación e ao mellor póster de cada área de investigación.



 Toda a [info actualizada](https://www.instagram.com/xiemi_) en [@XIEMI\\_](https://www.instagram.com/xiemi_)

AGARDÁMOSTE!



Universidade de Vigo



---

# Outras informacións

TÍTULO: Caixa da Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía

ORGANIZACIÓN: Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía

CONTACTO: [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/caixa-cnl-achegas-normalizacion-linguistica>

DESCRICIÓN:

Prezadas e prezados membros da Facultade de Filoloxía

Comprácenos informarvos de que na nosa páxina web incluimos unha caixa da Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía para recibir nela achegas, alén de conter tamén outras informacións da propia CNL.

Polo tanto, animámosvos a utilizar este medio para presentardes suxestións, informacións, queixas, comentarios... que contribúan á normalización da lingua galega na Facultade, na Universidade e na sociedade.

## Caixa da CNL: achegas para a normalización lingüística

Na Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Filoloxía ofrecemos este espazo para poderen achegar comentarios, suxestións, queixas... que contribúan á normalización da lingua galega.

**Ligazón para efectua-la achega**  
**(correo electrónico da Facultade)**

**CNL: Quen somos**

**Información da CNL (Intranet)**

**Concurso literario Mazarelos**

---






FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en X e en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



← **Filoloxía USC**  
119 posts



Edit profile

**Filoloxía USC**  
@filoloxia

Conta oficial da Facultade de Filoloxía da USC

📍 Santiago de Compostela [usc.es/gl/centros/fil...](https://usc.es/gl/centros/fil...)  
📅 Joined September 2020

facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

[twitter.com/filoloxia](https://twitter.com/filoloxia)

---

# A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc\_filoloxia



@buscfiloloxia

---